

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DENOMINADO “SERVIZO DE ATENCIÓN LOGOPÉDICA PARA MENORES XORDOS E/OU CON DISCAPACIDADE AUDITIVA E AS SÚAS FAMILIAS” NO ANO 2022.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, Don Iker Sertucha Lista, co DNI 32.822.404R, que actúa no nome e na representación da entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en adiante FAXPG) en calidade de presidente, co NIF G15068091, en virtude do acordo de nomeamento do 22 de xaneiro de 2022 da Asemblea Xeral de FAXPG e en exercicio da función de representación prevista no artigo 36.1 dos seus estatutos

Ambas as dúas partes, no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen, e , para o efecto.



EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro do disposto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

CUARTO. Que FAXPG é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2004/000107-2^a e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co número 1208 e ten entre as súas funcións a de promover todas aquelas actividades que, individual ou socialmente, favorezan a integración das persoas xordas e/ou con discapacidade auditiva e, en xeral, dar



resposta ás necesidades das persoas xordas ou con discapacidade auditiva, das súas familias e dos profesionais que traballan con elas, a través de accións de atención e orientación, así como mediante a planificación de diferentes servizos destinados a estas familias, as cales conforman un colectivo beneficiario dalgunhas das actuacións que leva a cabo a Consellería de Política Social e Xuventude dentro do ámbito das súas competencias.

QUINTO. Que considerando o interese da labor que esta entidade leva a cabo e da recoñecida labor social que no eido das familias con nenos e nenas xordos/as e/ou con discapacidade auditiva realiza, a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten previsto asinar un convenio de colaboración para contribuír ao financiamento do desenvolvemento dun proxecto de atención logopédica para persoas menores xordas e/ou con discapacidade auditiva e as súas familias.

Este proxecto supón dar un paso adiante no benestar do colectivo de persoas xordas, xa que implica ampliar a oferta de actividades que dende hai tempo a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia ven desenvolvendo co apoio da Consellería de Política Social e Xuventude, que canaliza a través dunha axuda global e individualizada nos orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia, asumida pola Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade xa que contempla accións vinculadas ao servizo de atención logopédica para menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e as súas familias así como o impulso de actividades de carácter informativo, de difusión ou sensibilización no ámbito educativo e da formación das persoas menores .e as súas familias.

A Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia –pretenden colaborar nesta ocasión para consolidar unha iniciativa que naceu no ano 2016 coa implantación dun proxecto piloto, que centraba, como novidade, o foco de intervención nas familias con nenas e nenos xordas ou con discapacidade auditiva de 0 a 6 anos, actuando dende unha fase máis temperá e dentro do eido colectivo familiar, como espazo natural de desenvolvemento. As actividades concretas deste proxecto están dirixidas ao núcleo familiar e pivotan sobre os



obxectivos de lograr un desenvolvemento lingüístico axeitado a través de estratexias comunicativas idóneas entre os membros da familia para canalizar o desenvolvemento emocional da persoa menor. Deste xeito, este proxecto amplía o catálogo de servizos da FAXPG coa incorporación de intervencións en eidos que ata o de agora permanecían á marxe, como é a familia e os seus menores dende a súa fase máis temperá. Deste xeito, favorécese a continuación do desenvolvemento da persoa menor no dito ámbito educativo e da formación.

De acordo co exposto e de conformidade co disposto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, o órgano competente para exercer as políticas autonómicas en materia de asistencia social de apoio á familia, infancia e adolescencia é a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, para dar cumprimento ao disposto, entre outras, á Lei 3/2011, do 30 de xuño, en virtude da cal, no seu artigo 9, define os grupos de familias de especial consideración, e dentro deles recolle as familias con persoas con discapacidade ao cargo, o que supón desenvolver a prol delas un trato preferente en diferentes ámbitos segundo o que establece a normativa sectorial correspondente, obriga recollida no artigo 18. Por isto, ten un interese especial para esta consellería fomentar o desenvolvemento dun proxecto destinado ás familias con nenos e nenas xordos ou con discapacidade auditiva dunha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito.

O proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Este proxecto ten un carácter especializado porque vai dirixido á atención logopédica de nenos xordos e orientación sobre estratexias comunicativas as súas familias e



centros educativos, fomentando o desenvolvemento normalizado do sistema familiar. Precisa para elo da intervención de profesionais especializados no ámbito da xordeira e con amplos coñecementos dos diversos medios de comunicación que poden ser empregados polas persoas xordas; entre eles, particularmente, a lingua de signos.

Pola carácter especializado deste proxecto, a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) é a única entidade habilitada para a súa execución, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Xuventude considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio é a concesión dunha subvención pola Consellería de Política Social e Xuventude e á Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para o financiamento dun proxecto da entidade que ten por obxecto o desenvolvemento dun proxecto de atención logopédica para menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e as súas familias.

O proxecto ten como principais ámbitos de actuación, a atención logopédica a menores xordos e/ou con discapacidade auditiva, a orientación sobre as estratexias comunicativas en lingua de signos ás súas familias e a aos centros educativos, así como tamén o asesoramento ás familias e/ou contorno de convivencia ao longo do proceso de desenvolvemento comunicativo e lingüístico da persoa menor.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROXECTO

FAXPG desenvolverá as seguintes actuacións que configuran o proxecto a subvencionar:



- a) Intervención logopédica para ensinar aos/ás nenos/as a interpretar os estímulos nerviosos ou a utilizar as próteses auditivas adecuadamente e facilitarlles a aprendizaxe da fala usando como ferramenta a lingua de signos.
- b) Asesoramento ás familias e/ou entorno de convivencia longo do proceso de desenvolvemento comunicativo e lingüístico do menor. Establecendo conxuntamente os obxectivos e acompañándoos ao longo do proceso de aprendizaxe
- c) Información e atención a centros educativos acerca de estratexias , recursos e metodoloxías a empregar co alumnado con discapacidade auditiva.
- d) Orientación e coordinación cos servizos de atención temperá externos á FAXPG, de cara á derivación de casos e á realización dunha intervención coordinada.
- e) Organización dos talleres para pais e nais vinculados ao servizo.

TERCEIRA. IMPORTE DA AXUDA

1. O proxecto a subvencionar a través deste convenio financiarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento destinado á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude para o ano 2022.

Aplicación orzamentaria	Ano 2022
13.02.312B.481.0	12.000,00 €

A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade coa que se subscribe este convenio.

CUARTA. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.



QUINTA. OBRIGAS

1. Para poder ser entidade beneficiaria das axudas a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia deberá cumprir **os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007**, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a seguir se relacionan:

a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio , polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.



h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. FAXPG debe cumprir, ademais, **coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007**, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social e Xuventude, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que esta ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da entidade beneficiaria. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas



relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade beneficiaria debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza das actividades que formen parte do proxecto subvencionado a través deste convenio e se realicen no prazo establecido na súa cláusula décimo segunda.

De acordo co artigo 29.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

2. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, determínase que o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio remate o 15 de decembro de 2022. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación sen exceder do dito ano 2022 estas terán como límite da xustificación o 15 de xaneiro do ano seguinte.



Achega da Consellería de Política Social e Xuventude	12.000,00 €
Período de realización de gastos e pagos	01.01.2022-15.12.2022
Data límite da presentación da documentación xustificativa	15.12.2022

3. De acordo co establecido no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os tributos son gasto subvencionable cando a entidade os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

4. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan o período no que efectivamente se realiza a actividade.

5 O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. CONDICIÓNS DE PAGAMENTO.

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

2. Para a xustificación dos pagamentos deberán presentar :



a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao proxecto, na que conste:

- Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como necesarias para a realización das actividades a desenvolver dentro do proxecto que se subvenciona a través deste convenio indicando os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.
- Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento, mediante achega de xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC, TC1)).
- Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, a entidade provedora, o importe, detallando o IVE, a data de emisión e a data de pagamento.

b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

c) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade beneficiaria deberá presentar ademais dos documentos os que se refire o número 2, unha memoria de actuacións a subvencionar a través do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos así como os medios e recursos nos que se realizaron as actividades a subvencionar.



4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

5. A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da dita entidade, en cuxo caso deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria:

b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.

c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

6. A entidade beneficiaria queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.



OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo; polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de acordo co Decreto 123/2006, do 20 de xullo.

3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do



desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión, presidida polo/a representante da administración, estará integrada por:

- O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa que a supla de acordo co establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.
- O presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia ou persoa que a supla, de acordo co establecido nos estatutos da entidade.

3. A persoa que ocupe a secretaria, que actuará con voz pero sen voto, será funcionaria da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designada pola persoa que asume a Presidencia, así como a persoa que ~~o/a~~ supla.

4. Esta comisión rexerese en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na sección 3º do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade beneficiaria dedicará á execución do proxecto corresponderá a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través deste convenio e a Consellería de Política Social e Xuventude, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.



DÉCIMO SEGUNDA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.
2. O tratamento dos datos no marco deste procedemento baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto do presente convenio.
4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
- 6.-Na realización do seu proxecto a entidade beneficiaria tratará os datos e recabará o consentimento das persoas interesadas, de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de



protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO TERCEIRA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
5. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, este convenio esta excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.



DÉCIMO QUINTA. CUESTIÓNS LITIXIOSAS

Correspóndelle á Consellería de Política Social e Xuventude a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro do artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro,, se a resolución fose expresa ou se o acto no o fora , en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMA SEXTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, abranguerá os gastos das accións obxecto do proxecto que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro do ano 2022.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio no lugar e data da súa sinatura dixital.

A Conselleira de Política Social e
Xuventude

O Presidente da Federación de Asociacións de
Persoas Xordas de Galicia

Iker Sertucha Lista

Fabiola García Martínez

